

# ERNESTO O ELEFANTE

Texto e ilustracións de ANTHONY BROWNE

Tradución de SANDRA e ÓSCAR SENRA GÓMEZ

Encadernado en cartonné. 27 x 23 cm. 32 páx. 16 €

**Ernesto o elefante** (galego)

ISBN 978-84-1343-049-2. Tras os montes.

**Ernesto el elefante** (castelán)

ISBN 978-84-1343-050-8. Clásicos contemporáneos.

**Ernest l'elefantet** (català)

ISBN 978-84-18558-05-4. Clásics contemporanis.

**Ernesto elefantea** (euskara)

ISBN 978-84-9172-209-0. Gaur egungo klasikoak.

**Ernesto o elefante** (português)

ISBN 978-989-749-136-8. Clásicos contemporâneos.

*Ernesto vivía coa súa nai e o resto da manda.*


*Durante o día camiñaban, comían e bebían e, polas noites, durmían. Ernesto era feliz, pero ultimamente preguntábase que outras cousas había na vida ademais de camiñar, comer, beber e durmir. Un día pasaron á beira dunha selva.*

*–Que é iso? –preguntoulle Ernesto a súa nai...*

Ernesto perdeuse na selva e ningún dos seus habitantes parece querer axudalo a volver coa súa manda de elefantes. Nin o máis forte, nin o máis fero, nin o máis veloz dos animais fai o mínimo ademán de escoitalo e trátano con desdén. Pero a máis cativa das criaturas sorpréndeo dándolle a comprensión e a colaboración que precisa.

Anthony Browne reflicte nesta historia o carácter intrépido do protagonista, a curiosidade propia da infancia, pero tamén o medo cando descobre que se atopa só e alonxado da figura adulta que o protexe dos perigos. A falta de empatía daqueles aos que interpela remítenos a unha sociedade individualista e insensible -como a actual- aos problemas alleos. Pero as aparencias enganan e, quen semella débil e insignificante, pode resultar o ser máis valente e generoso, sen pedir nada a cambio.

Co detallismo que o caracteriza ao longo dunha ampla e prestixiosa traxectoria, o autor presenta unha obra chea de colorido e exotismo escénico, con personaxes retratados de xeito exhaustivo e expresivo, acorde ao abano de emocións que se despregan ao longo do relato.



■ **Temática:** sentimentos e emocións.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** animais da selva, natureza; solidariedade, empatía, cooperación, necesidade de protección, xenerosidade; do autor de «No bosque», «O libro dos porcos», «Sacapenas», «Que tal estás?», «Un paseo polo bosque», «Un gorila» (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**




<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/ernesto-o-elefante-g>

## Anthony Browne

(Sheffield, Inglaterra, 1946)

Graduado no Leeds College of Art, especializouse en deseño gráfico. A súa dedicación á ilustración infantil corresponde á súa etapa como deseñador de tarxetas de felicitación. O seu estilo revela un interese polos pintores surrealistas, as escenas oníricas e a introdución de elementos estraños nas ilustracións. Entre os galardóns que recibiu ao longo da súa traxectoria destacan a Medalla Kate Greenaway, o premio Kurt Maschler e a Medalla Children's Laureate 2009. Por riba de todos figura o Premio Hans Christian Andersen no ano 2000 polo conxunto da súa obra. Foi o primeiro británico en obter esta distinción, dende 1956. É un dos autores ingleses de maior prestixio pola súa contribución ao desenvolvemento de novas formas de ler, ver e relacionarse coa linguaxe plástica. A crítica di do seu traballo que crea un universo cheo de referencias culturais e artísticas, pistas visuais e claves que valoran a intelixencia do lector para completar e interpretar o texto, independentemente da súa idade.

<http://www.anthonybrownebooks.com>



www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com